

AXENDA

Prezada comunidade:

Benvidos á nosa newsletter semanal, con novidades sobre a produción científica en Ciencias Sociais, información sobre convocatorias e iniciativas de interese e as nosas citas en axenda, onde fundamentais son, sempre, as vosas contribucións!! Apertas!!

XOVES
01/02



>>> SEMINARIO DE INVESTIGACIÓN ECOBAS

Na intersección entre as políticas climáticas, a economía das desigualdades e a economía ambiental, Jordi J. Teixidó, Assistant Professor na Universitat de Barcelona-School of Economics, comparte estes días o seu expertise como investigador visitante en ECOBAS.

Enmarcado na súa estadía, Teixidó impartirá mañá xoves o seminario de investigación "**Fuel taxes and carbon leakage: Evidence from a natural experiment on cross-border fuel sales**", que levaremos a cabo na Facultade de CC. Económicas e Empresariais da USC (Aula 9):

- Data: xoves **1/02/24 ás 12:00 h**
- Asistencia: presencial e online

FEB-MAIO
10 sesións

>>> MÓDULO JEAN MONNET: O PACTO VERDE EUROPEO

Para dar a coñecer e fomentar o debate sobre a política e o dereito ambiental da Unión Europea no marco do Pacto Verde Europeo e as súas principais estratexias temáticas, a UVigo convoca en aberto esta formación, que contará con expertos de distintas universidades españolas, entre eles, o noso compañeiro **Alberto Vaquero García**.

- Datas de celebración: os venres, do 23 febreiro ao 3 de maio
- Asistencia: online para público xeral
- Inscripción: gratuita, ata o 21 de febreiro
- [Consulta aquí o programa do curso](#)
- [Accede aquí ao formulario online para solicitude de inscrición](#)

ACTUALIDADE ECOBAS



>>> CAPITAL SOCIAL INDIVIDUAL E EXPECTATIVAS PROFESIONAIS

As persoas con contactos de estratos sociais máis altos esperan ocupar os mellores postos de traballo. Estas crenzas inflúen na súa motivación e axudan a acadar os seus obxectivos laborais.

Tener amigos influíntes e unha boa rede de relacións facilita a carreira profesional, dende atopar un emprego ata acadar os postos mellor remunerados. Así se explica no novo artigo de **Paolo Rungo**, **Jose Manuel Sánchez Santos** e **Atilano Pena López**: nin sequera fai falla que os teus contactos fagan algo para axudarte. Coñecer a persoas que ocupan os peldaños máis altos da escala social inflúe nas túas aspiracións e expectativas, e estas expectativas mudan a motivación e o comportamento individual.

[Accede aquí ao contido completo do artigo "Individual social capital and expectations of career advancement" publicado por The Economic and Labour Relations Review, de Cambridge University Press.](#)

GUÍAS PRÁCTICAS PARA EMPRESAS:

DIRECTIVA DE INFORMES DE SOSTIBILIDADE CORPORATIVA



Froito dun convenio coa Consellería de Promoción de Emprego e Igualdade, a UVigo vén de publicar as guías RSE para a correcta aplicación da [Directiva \(UE\) 2022/2464 CSRD](#), un traballo dirixido polo investigador permanente de ECOBAS **Miguel Rodríguez Méndez**, que contou coa implicación de varias persoas investigadoras do grupo GEN da UVigo.

Son catro guías para catro sectores principais da economía galega:

- [Guía RSE para o sector do metal](#)
- [Guía RSE para o sector da alimentación](#)
- [Guía RSE para o sector téxtil](#)
- [Guía RSE para o sector da madeira](#)

E estoura adicional:

- [Guía RSE para PEMEs NON reguladas pola Directiva CSRD](#)

ACTUALIDADE ECOBAS



FACTORES SOCIAIS, CULTURAIS E DE CONDUCTA NA DEGRADACIÓN DOS ECOSISTEMAS E NA PERDA DA BIODIVERSIDADE

A investigadora garante de ECOBAS **Adina Dumitru** lidera o equipo da UDC participante na "Iniciativa ZOE" –Zoonoses Emergence across Degraded and Restored Forest Ecosystems–, proxecto que involucra a un consorcio interdisciplinar de sete países da Unión Europea e catro de América Latina, coordinados polo Instituto de Viroloxía de Charité da Universidade de Berlín.

O particular enfoque do equipo da UDC permitirá avaliar o estado do coñecemento científico sobre os factores sociais, culturais e de conduta que conectan a degradación dos ecosistemas, a perda de biodiversidade e a aparición de enfermidades zoonóticas; ademais, recompilarán datos sobre os factores humanos que afectan esta relación nas rexións obxecto de estudo, que inclúen tanto ecosistemas europeos como latinoamericanos, recompilando e analizando os datos a través de métodos cualitativos e cuantitativos.

ANEXXI: ATLAS NACIONAL DE ESPAÑA, SÉCULO XXI



A [rede ANEXXI](#), na que o investigador permanente de ECOBAS **Rafael Vallejo Pousada** é coordinador da "Sección III. Historia", está a desenvolver o **atlas de referencia**, nacional e internacional, para o coñecemento da realidade xeográfica de España no eido gubernamental, profesional, académico-docente e social.

O proxecto, no que participan 145 persoas investigadoras de 45 Universidades e Centros de Investigación españois, engloba tamén a creación do **xeoportalo de referencia en produtos e servizos de cartografía temática**.

Esta rede de organizacións científicas e académicas desenvolve as seguintes funcións para o Atlas Nacional de España do século XXI:

- elaboración técnica de contidos a través das empresas derivadas (spin-off) das súas organizacións membro
- a innovación en cartografía temática de atlas
- o aproveitamento do potencial de coñecemento para outros traballos de I+D+i no territorio



Máis información:

- [Web do Atlas Nacional de España](#)
- [Xeoportalo do Atlas Nacional de España](#)

OPORTUNIDADES DE FINANCIAMENTO




PROXECTOS EN COLABORACIÓN PÚBLICO-PRIVADA 2023

- Obxecto: apoio a proxectos de desenvolvemento experimental en cooperación entre empresas e organismos de investigación, co fin de promover o desenvolvemento de novas tecnoloxías, a aplicación empresarial de novas ideas e técnicas, e contribuir á creación de novos produtos e servizos.
- Prazo: **ata o 20/02/24**
- [Preme neste enlace](#) para consultar a información completa da **convocatoria**

PROGRAMA PRISMAS Y PROBLEMAS | FUNDACIÓN BBVA

Co obxectivo de capturar e xenerar o mellor coñecemento para construír enfoques innovadores para o **tratamento de cuestións da maior relevancia social e medioambiental**, concederanse axudas económicas para o desenvolvemento de proxectos aplicados e interdisciplinares en:

- Ciclo da agua en España, usos e xestión
- Conservación de ecosistemas críticos en España
- Valores, regulación e aplicación da Intelixencia Artificial
- Dixitalización e dispositivos móbiles no ensino
- Modelos educativos e resultados
- Mocidade: empleabilidade, acceso á vivenda e relacións interpersoais
- Violencia de xénero: análise comparada
- Democracia e Estado de Dereito en Europa



PRAZO de presentación de proxectos: **ata o 30/04/2024 ás 12:00 h** (CET)

TRANSFERENCIA: PROGRAMA CAIXAIMPULSE DE INNOVACIÓN EN SAÚDE

A Fundación La Caixa vén de lanzar este programa de maduración de resultados de investigación, que ofrece apoio a proxectos biomédicos innovadores axudándolles a **validar os seus activos** e a **definir a súa estratexia de explotación e valorización para achegalos ao mercado**.

O programa ofrece acceso a través de 3 fases:

- Fase 1 (ata 50.000€) apoio aos proxectos que xeren unha demostración preliminar dunha hipótese esencial xurdida de resultados científicos para un ou varios posibles activos, e inicien a protección dos dereitos de propiedade intelectual.
- Fase 2 (ata 150.000€) apoio aos proxectos que xa teñen identificado e caracterizado un ou varios activos e que requiren máis validación e desenvolvemento, e que perfilan o deseño do prototipo a través da validación do uso previsto.
- Fase 3 (ata 500.000€) apoio aos proxectos que iniciaron a presentación regulamentaria e requiren unha caracterización avanzada dos seus activos, necesitan perfilar as estratexias de viabilidade financeira, e/ou están explorando os modelos de explotación.

Web da convocatoria 

PRAZO de solicitudes: **ata o 22 de febreiro ás 14:00 h** (CET)

OPEN CALLS



10th Atlantic Workshop on Energy and Environmental Economics

A Toxa, Galicia (Spain)
20 and 21 June 2024

10TH ATLANTIC WORKSHOP ON ENERGY AND ENVIRONMENTAL ECONOMICS

Os días 20 e 21 de xuño de 2024 terá lugar na illa de A Toxa a décima edición do Atlantic Workshop on Energy and Environmental Economics que organiza Economics for energy coa colaboración de ECOBAS e o Grupo REDE.

- [Call for papers](#). Data límite: **01/05/2024**.
- [Programa do evento](#)

XI Conference of the Spanish-Portuguese Association of Natural and Environmental Resource Economics (AERNA)

4th - 6th September, 2024
Nova School of Business and Economics, Carcavelos, Portugal

>>> XI AERNA CONFERENCE

A Asociación hispano-portuguesa de Economía dos Recursos Naturais e Ambientais (AERNA) celebra a súa XI Conferencia do 4 ao 6 de setembro do 2024 en Carcabelos (Portugal) e ten aberta a chamada para o envío de traballos sobre asuntos relevantes no seu eido:

- Data límite: **18/03/24**
- Organizan: [AERNA](#) e [Nova School of Business and Economics](#)

PREMIOS DE INVESTIGACIÓN ERNESTO VIÉITEZ CORTIZO

A Real Academia Galega de Ciencias (RACG) convoca a trixésimo terceira edición dos Premios de Investigación Ernesto Viéitez Cortizo para “recoñecer a investigación de maior nivel desenvolto en Galicia”.

- Destinatarios: persoas investigadoras que presenten un traballo realizado total ou parcialmente en universidades e centros de investigación de Galicia.
- Dotación: **6.000 €**
- Prazo presentación candidaturas: **15/02/24**



RAGC/
REAL ACADEMIA
GALEGA DE CIENCIAS



XXXIII CONGRESO ACEDE

“Innovación, digitalización y sostenibilidad ante los nuevos desafíos” é o título baixo o que este ano se dará cita en Valencia a comunidade docente e investigadora de Dirección e Administración de Empresas. O prazo para o presentación de traballos e propostas de investigación permanece aberto:

- [Call for papers](#). Data límite: **15/02/24**
- Organiza: [ACEDE](#)

DIVULGACIÓN CIENTÍFICA



11 DE FEBREIRO <<< DÍA INTERNACIONAL DA MULLER E DA NENA NA CIENCIA



Dar **visibilidade** ao traballo das mulleres investigadoras e científicas e fomentar as **vocacións** entre as xeracións máis novas é o obxectivo do Día Internacional da Muller e da Nena na ciencia, que se celebra o 11 de febreiro en todo o mundo.

Con este fin, a iniciativa cidadá I1F recolleu en España a demanda de **charlas** de centros educativos en toda España que e ten dispoñible online un mapa interactivo que permite localizar e contactar aos da túa contorna. Por suposto, dende ECOBAS animámoste a participar!

[Accede aquí á ferramenta MAPA para localización do centro educativo que mellor te encaixe](#)

O tema? Ti elixes: podes falar do teu traballo como investigadora ou sobre o papel da muller na ciencia, a loita contra os estereotipos, o sesgo de xénero na carreira investigadora...

- **PRAZO** contactar aos centros educativos: **ata o 10 de febreiro**.

>>> VIII CONCURSO DE PITCHES DE INVESTIGACIÓN 2024 ➡

Este concurso do Grupo Compostela de Universidades premiará aqueles *pitchs de investigación* que mellor cheguen a un público xeralista e transmitan a relevancia do proxecto no que se está a traballar, así como a súa contribución á sociedade.

Destinatarios: persoal investigador das universidades socias do GCU que acredite:

- estar integrado nun grupo de investigación dunha universidade socia do GCU
- estar matriculado nun programa de doutoramento dunha universidade socia do GCU
- ou ser beneficiario dunha bolsa de investigación concedida por unha universidade socia do GCU durante a presente edición.

Prazo presentación candidaturas:
ata o **29 de febreiro de 2024** ás **12:00 h** (CET)



[Accede aquí ás bases da convocatoria](#)

ÚNETE Á COMUNIDADE ECOBAS <<<

Aínda non nos segues nas redes sociais? Únete a nós e non perdas nada do que acontece na nosa comunidade. Agardámoste!!



www.ecobas.gal

